



## ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO CONSELLO DE GOBERNO DO DÍA 28 DE MAIO DO 2013

Ás 9.35 h, en segunda convocatoria, na sala do Consello de Goberno da Reitoría, A Maestranza, comeza a sesión ordinaria do Consello de Goberno que preside o Reitor Magnífico D. Xosé Luís Armesto Barbeito, de acordo coa orde do día que figura no **anexo I** e coas persoas asistentes que se relacionan no **anexo II**. Escusan a súa asistencia os profesores Antía Pérez Caramés, José Manuel Busto Lago, Natalia Alvarez Lata, Francisco Alonso Tajés, Miguel Muñoz Cantero e Nuria Varela Feal.

Tras a comprobación do quórum legal necesario para a celebración da sesión, o reitor da paso ao primeiro punto da orde do día.

### **1. Informe do reitor**

Tras dar a benvinda aos asistentes e, especialmente, aos novos membros, o **reitor** da conta dos seguintes asuntos.

Nomeouse a Xosé Ramón Freixeiro Mato como director do Servizo de Normalización Lingüística, e cesouse a José Antonio Vilar como director da unidade de estudos propios de posgrao.

Por designación do reitor, foron nomeados membros do consello de goberno as seguintes persoas: Luis Hervella Nieto, Álvaro Baaliña Insua e Ignacio Colominas Ezponda, no sector de PDI. Polo sector de estudantes, Juan Pirola Lorenzo e Carlos Hugo González Vázquez.

Na sesión do claustro do día 30 de abril, elixíronse os seguintes representantes de estudantes claustrais no consello de goberno: Alba Castanedo Sánchez, Gonzalo Faya Filgueiras, Emilio Francisco Lage Rodríguez, Xandra Ripoll Vázquez, Sonia Rodríguez Beltrán e Miguel Valeiro Mouriño.

No Consello Galego de Universidades do día 16 de maio, ao que foi a informe a nosa solicitude urxente de cambio de denominación do título de enxeñaría da edificación a arquitectura técnica, o reitor solicitou que se incorporara á acta da sesión o escrito remitido pola UDC ao Ministerio con data 13 de maio de 2013, no que se demandou unha aclaración urxente sobre os criterios do ministerio para expedir títulos coa denominación de enxeñaría de edificación a arquitectura técnica. Para mañán mesmo está



convocada a comisión de enxeñaría e arquitectura do Consejo de Universidades. O reitor vai asistir para obter máis aclaración dos criterios transmitidos polo director xeral de política universitaria na reunión celebrada en Madrid o día 7 de maio.

Por último, o reitor menciona o comunicado da CRUE do 16 de maio sobre a asfixia da I máis D, que foi publicado na web da nosa universidade. O día 24 de maio celebrouse a primeira reunión da comisión mixta MEC-CRUE, para analizar as propostas de reforma universitaria. Nunha reunión de finais de xuño vaise celebrar outra reunión, para adoptar acordos.

A continuación, o reitor cédelle a palabra ao vicerreitor de Investigación e Transferencia, quen informa que se ven de outorgar o recoñecemento de empresa asociada á UDC á empresa *AllGenetics & Biology SL*.

Por outra banda, informa sobre diversas convocatorias de transferencia, dependentes de Axencia Galega de Innovación, e de investigación, dependentes da Secretaría Xeral de Universidades da Xunta de Galicia de próxima publicación así como da resolución de adxudicación de contratos do programa Ramón y Cajal.

Informase tamén das reunións que se están a ter por parte dos representantes do CHUAC e do INIBIC cos grupos de investigación da UDC que se adscribiron no ano 2012 ao INIBIC. O vicerreitor tamén informa do acordo con FEUGA para o uso dun local no CUR do Campus de Riazor e da incorporación da persoa delegada de FEUGA para a UDC, Dona Cristina González.

Finalmente, infórmase da recente concesión do premio UK Trade & Investment, da embaixada británica en España, á empresa TORUS e da concesión dun crédito NEOTEC do CDTI, por importe de perto de 250.000 euros, á empresa Appentra, ámbalas dúas participadas pola UDC.

O vicerreitor de Títulos, Calidade e Novas Tecnoloxías informa da instrución sobre composición das comisións de calidade dos centros, na que se incorpora como membro os administradores/as dos centros ou UXAI responsables das titulacións do centro así como os coordinadores de graos e mestrados do centro.

Infórmase tamén da posta en marcha do xestor documental e espazo de traballo colaborativo “Documenta”, baseado na ferramenta de Software Libre Alfresco. Informa da finalización da III Convocatoria do programa



DOCENTIA. A comisión responsable da avaliación elaborou e aprobou o informe, que será publicado en breve. A esta comisión incorpóranse como representantes dos estudantes, Ernesto Vazquez-Rey Farto e Gonzalo Faya Filgueira, e nos próximos consellos de goberno presentárase, para a súa aprobación, o novo manual e as bases da IV convocatoria.

A vicerreitora de Planificación Económica e Infraestruturas informa que desde o anterior Consello de Goberno, consonte a Base 9ª. 2 do Orzamento, imputáronse ao exercicio corrente obrigas xeradas no exercicio anterior por importe total de 66.868,65 €. A Comisión de Asuntos Económicos do Consello de Goberno na súa sesión do 26 de abril validou expedientes de gasto e imputounos a créditos de 2013 por importe total de 200.713,30 € euros no expediente C-0004-13 e na sesión de 27 de maio por un total de 216.473,81 € no expediente C-0005-13.

Informa ademais de que o pasado 16 de maio o Reitor e o Conselleiro de educación e OU asinaron o segundo contrato programa para o reparto do fondo por resultados do Plano de Financiamento do SUG, que está dispoñible na web da vicerreitoría.

O vicerreitor de Profesorado e Planificación Docente informa da reunión co secretario xeral de Universidades do día 21 de maio, arredor dos criterios para autorización da dotación de prazas de contrato laboral de longa duración. Comenta tamén que a avogacía do estado está ordenando a retirada de prazas de contratado doutor noutras universidades españolas, por considerar que vulneran a taxa de reposición establecida para o ano 2013. A Xunta considera que para a dotación destas prazas hai que acreditar especialmente o cumprimento dos topes máximos de dedicación docente previstos no Real Decreto-Lei 14/2012. Por último, comentouse na reunión a posibilidade de prórroga do II Convenio Colectivo do PDI laboral. Combinouse unha reunión para adoptar esa prórroga entre as partes para a primeira quincena de xuño.

A vicerreitora de estudantes, deporte e cultura informa da recente convocatoria das bolsas de colaboración para a formación complementaria do estudiantado da Universidade da Coruña. Estas bolsas manteñen as mesmas características que o pasado curso canto ao número de horas, a duración e a contía. Si mudou o seu número total co obxectivo de destinar a parte proporcional da minoración a novas convocatorias que atenderán aspectos económicos do estudiantado da universidade da Coruña cara ao curso 2013/2014. Os postos minorados non se perden para a formación xa que se se ofertarán como prácticas externas curriculares non remuneradas.



A vicerreitora aproveita para agradecer a colaboración dos coordinadores de prácticas dos centros e do estudantado que teñen seguido, informado e orientado este proceso.

A vicerreitora do campus de Ferrol e Responsabilidade Social informa que as oficinas/unidades de igualdade das tres universidades galegas organizan a I Xornada Universitaria Galega en Xénero “Roles en tempos de crise”, que terá lugar os días 20 e 21 de xuño en Santiago de Compostela centrada en tres áreas temáticas que coordinada cada unha das universidades:

- Políticas públicas de igualdade. Coordina: Oficina de Igualdade de Xénero da USC.
- Corresponsabilidade e conciliación. Coordina: Unidade de Igualdade. Universidade de Vigo.
- Mulleres e mercado laboral. Coordina: Oficina para a Igualdade de Xénero. UDC.

Dentro de cada área temática programáronse conferencia, mesas redondas e sesión póster. Está aberto o prazo de presentación de pósters que rematará o 3 de xuño de 2013. Máis información na web da OIX <http://www.udc.es/oficinaigualdade/novas/IXUGEX.html> conta da primeira xornada Universitaria roles de xénero en tempos de crise.

O secretario xeral informa do acordo da Comisión Electoral Central do 13 de maio do 2013, sobre a representación do PAS nos órganos colexiados de centros e departamentos como consecuencia da nova RPT de PAS publicada no DOG nº 76, do día 16 de abril do 2013. Este acordo, xa circulado aos centros e departamentos, consiste nunha serie de criterios interpretativos da normativa estatutaria e do Regulamento Electoral Xeral, que o secretario pasa a dar lectura:

- a) En aplicación do artigo 28.1 do REX, os efectivos reasignados ás UXAI perden, con data 2 de maio, a condición de electo/a que tivesen adquirido nas eleccións a xuntas de centro de febreiro de 2013.
- b) A Secretaría Xeral procederá de oficio a dalos de baixa do censo do sector D da xunta de centro correspondente, por perda da condición para a cal foron elixidos.



- c) Os decanos/as e directores/as de centro procederán a cubrir as vacantes anteriores co seguinte candidato non electo no proceso electoral de febreiro de 2013, se a houber, de conformidade co artigo 28.2 do REX, informando inmediatamente á Secretaría Xeral.
- d) De non haber candidatos/as non electos, os postos das xuntas de facultade correspondentes ao sector D permanecerán vacantes até as seguintes eleccións (2015), coa excepción do previsto na letra f).
- e) Os efectivos do PAS reasignados a UADIs desde os departamentos perden con data 2 de maio do 2013 a súa condición de membros natos do departamento de orixe.
- f) Ao abeiro do artigo 31.1.e) do REX, e de xeito excepcional, os efectivos reasignados ás UADI integraranse no sector D daquelas xuntas de centro ás que se adscriban as devanditas UADI, sempre que houber postos vacantes dese sector.

Por último, o secretario xeral informa da conclusión, con data 15 de maio, do procedemento disciplinario incoado con data 15 de xuño de 2012 contra o profesor José Ramón Méndez Salgueiro, da Escola Universitaria de Deseño Industrial. A resolución reitoral considera probado que este funcionario foi autor dunha infracción moi grave de acoso laboral, recollida na letra o) do artigo 95.1 da lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, e imponse a D. José Ramón Méndez Salgueiro, ao abeiro do artigo 96 EBEP, a sanción de suspensión firme de funcións directivas como órgano unipersoal da Universidade da Coruña, por un prazo de corenta e oito meses.

O xerente informa das reunións celebradas coas Mesas sindicais do PDI e do PAS o pasado mércores 22 de maio para presentar o documento remitido ao SUG pola Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos da Consellería de Facenda, relativo aos *Criterios da Xunta de Galicia sobre o axuste retributivo das entidades integrantes do Sistema Universitario de Galicia previsto nos artigos 37 e 38 da Lei de Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2013*, que esixe acadar unha redución salarial que supoña, no seu conxunto, unha minoración do 5% da masa salarial de cada Universidade.

En síntese, e tras descartar a Xunta de Galicia as alternativas propostas de forma consensuada polas tres Universidades galegas para aplicar unha redución salarial máis homoxénea e menos desincentivadora, a redución



tomará como base o importe íntegro anual das retribucións dos empregados, despois de descontar a antigüidade e a seguridade social. Sobre esta base, aplicaranse as porcentaxes equivalentes á definida no artigo 21.Un.d) da Lei 2/2013 segundo a táboa que propón o documento citado.

Para os colectivos cunha xornada inferior á completa, aplicaráselles a porcentaxe que lle correspondera ao posto de traballo se realizara unha xornada completa.

Por colectivos, a redución farase sobre os seguintes conceptos retributivos:

- PDI funcionario: sobre o complemento específico adicional das pagas extras de xuño e decembro, o IPC galego e sobre os complementos autonómicos.
- PDI contratado laboral: sobre os complementos anteriores, o complemento de produtividade e sobre os seus restantes complementos se o axuste sobre os anteriores conceptos non é suficiente.
- PDI vinculado do SERGAS: de acordo co establecido para o persoal do SERGAS na Orde da Consellería de Facenda do 11 de marzo de 2013, pola que se ditan instrucións sobre a confección de nóminas para o persoal ao servizo da Administración autonómica de Galicia para 2013.
- PAS funcionario: sobre as pagas adicionais do complemento específico dos meses de xuño e decembro, o complemento de produtividade e o IPC galego.
- PAS Laboral: de non existir conceptos equivalentes aos anteriores ou non chegar, sobre os seus restantes conceptos retributivos.

Esta redución salarial aplicarase a todo o persoal, con independencia da súa relación laboral e da aplicación orzamentaria coa que se financie.

A redución aplicaríase nas pagas extras de xuño e decembro, ou de xuño, setembro e decembro para os colectivos que perciban ás súas extras en tres pagas (PAS laboral). No caso dos colectivos que non perciben pagas extras ou as perciben de forma rateada nas súas nóminas mensuais (persoal de programas e convenios de capítulo 6), a redución aplicaríase



proporcionalmente sobre cada mensuralidade, a partir do vindeiro mes de xuño ata decembro. A redución figurará en nómina como un concepto xeral redutor, e salvagardarase, de proceder, o importe correspondente ao salario mínimo interprofesional. Aplicarase tamén esta redución do 5% aos plans de xubilación anticipada.

Infórmase tamén pola Xerencia que con data 9 de maio pasado recibíuse do Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas requirimento de anulación das seguintes prazas de PAS laboral:

- Técnico superior de relacións internacionais (BOE do 22 de abril de 2013)
- Técnico de prevencións de riscos laborais-xefe de servizo (BOE do 7 de maio de 2013)

O MINHAP impugna estas convocatorias aducindo que aínda que corresponden á oferta de emprego público de 2006, superouse o prazo de tres anos para a execución das ofertas de emprego segundo o EBEP. Actualmente estanse estudando polos servizos xurídicos os argumentos expostos polo Ministerio, para rexeitar o requirimento de anulación.

Polo que respecta á implantación da nova RPT do PAS, infórmase que foron xa notificadas as correspondentes dilixencias de readscripción de todo o persoal, procedeuse, a partir do pasado día 26 de abril, á reubicación do persoal integrado nas novas UXAI e nas Unidades departamentais, sempre considerando os calendarios de adaptación de oficinas de acordo coas direccións dos centros. A este respecto cómpre sinalar as incidencias producidas na Escola de Deseño Industrial de Ferrol, xa resoltas desde o pasado 20 de maio, e das que se tratou na reunión celebrada onte neste centro por parte do equipo de goberno con toda a súa comunidade universitaria, reunión que tivo como fin informar de forma directa sobre os obxectivos, criterios e procedementos seguidos para aprobación da nova RPT.

Finalmente, infórmase que se iniciou a negociación do IV Convenio colectivo do PAS laboral e que se están a ultimar as bases de convocatoria do proceso de funcionarización e do próximo concurso de provisión de vacantes de PAS funcionario.



## **2. Aprobación, se proceder, do borrador da acta da sesión ordinaria do 23 de abril**

Tras a lectura da acta do pasado consello de goberno do 23 de abril, que estivo a disposición dos membros do Consello de Goberno na Secretaría dos seus respectivos centros e na Secretaría Xeral da Universidade, o profesor Moisés Canle solicitou engadir os seguintes parágrafos no punto 12 (quenda aberta de intervencións):

*“O profesor Moisés Canle solicítalle ao vicerreitor de Títulos, Calidade e Novas Tecnoloxías que os TFG / TFM sexan titorizados por un só profesor, dado o carácter de referente do titor neste tipo de traballos, e independentemente da posibilidade de que poidan admitirse codireccións a efectos da posible xeración de resultados de investigación que poidan requirir protección intelectual ou industrial. O vicerreitor considera lóxica a proposta, e que xa existe tal posibilidade.*

*Tamén solicita que para cada convocatoria oficial das diversas asignaturas se poida manter a acta aberta da primeira oportunidade para a segunda, a efectos de que os alumnos que así o decidan poidan valorar presentarse para mellorar a súa cualificación (sen posibilidade de baixala). O vicerreitor considerou complicada esta posibilidade.*

*Por último, solicita que ao encher as actas de primeira e segunda oportunidade o programa informático só solicite indicación de qué alumnos reciben Matrícula de Honra unha vez recheadas todas as cualificacións de ambas oportunidades, a fin de evitar agravios comparativos para os alumnos da segunda oportunidade. O vicerreitor considera tamén que a proposta é complicada”.*

A profesora Sonia Souto solicita que conste na páxina 7 da acta, no punto referente á modificación do regulamento de estudos de doutoramento, que a xunta do persoal de PDI funcionario solicitou mediante un escrito a devandita modificación.

Con estas modificacións, a acta apróbase por asentimento.





### **3. Contratos e convenios**

Para os efectos de cumprir o que establece o artigo 27.2 dos Estatutos da Universidade da Coruña, o secretario xeral dá conta dos convenios que figuran no **anexo III**, que se clasifican nesta ocasión de sete (7) convenios marco, seis convenios específicos (6), e noventa e tres convenios para prácticas (93) e que cumpriron todos os trámites preceptivos previos que se requiren para a súa aprobación polo Consello de Goberno nesta sesión.

A listaxe apróbase por asentimento.

### **4. Corrección de erros da normativa sobre a elaboración, tramitación, modificación e custodia das actas de cualificación de títulos oficiais de grao e mestrado**

O vicerreitor de Títulos, Calidade e Novas Tecnoloxías explica que o erro consistiu na omisión dun artigo na normativa presentada no anterior consello de goberno do 23 de abril. Trátase do artigo 7, sinalado en vermello na documentación achegada. Tamén se realizou unha corrección técnica no punto 4.5 e na disposición transitoria segunda.

Para maior seguridade xurídica, inclúese aquí como un punto específico deste consello de goberno.

Apróbase a corrección de erros por asentimento segundo figura no **anexo IV**.

### **5. Eleccións para a cobertura de vacantes nas comisións delegadas do Consello de Goberno (Informe, procedemento, calendario e formulario de presentación de candidaturas)**

Toma a palabra o secretario xeral para informar sobre o procedemento de renovación, as vacantes existentes nas comisións delegadas, ben como das candidaturas presentadas.

**Comisión de Organización Académica e Profesorado (COAP)** (5 vacantes en PDI: 1 ciencias da saúde, 1 ciencias experimentais, 1 humanidades, 2 tecnolóxicos; 2 vacantes estudantes.

Francisco Alonso Tajés (ciencias da saúde)  
Manuel Casteleiro Maldonado (tecnolóxico)  
María Jesús Lorenzo Modia (humanidades)



Daniel Pena Agras (tecnolóxico)  
Manuel Ángel Graña López (tecnolóxico)

Estudantes: Gonzalo Faya Filgueira e Alba Castanedo Sánchez

**Comisión de Investigación** (4 vacantes PDI: 1 ciencias experimentais, 1 humanidades, 2 tecnolóxico; 2 estudantes).

Luis Hervella Nieto (tecnolóxico)  
María Jesús Lorenzo Modia (humanidades)  
Moisés Canle López (ciencias experimentais)  
María Inés Pernas Alonso (tecnolóxico)

Estudantes: Carlos Hugo González Vázquez e Emilio Francisco Lage Rodríguez

**Comisión de Asuntos Económicos** (dous PDI, dous estudantes, un PAS)

Xurxo Dopico Calvo  
Luis Castedo Ribas

Estudantes: Miguel Valeiro Mouriño e Emilio Lage Rodríguez

PAS: José Enrique Pena Pérez (presidente do Comité de Empresa do PAS laboral)

**Comisión de Extensión universitaria** (3 PDI, dous estudantes e un PAS)

Ana Iglesias Galdo  
Xurxo Dopico Calvo  
Alvaro Baaliña Insua

Estudantes: Xandra Ripoll Vázquez e Juan Sebastián Pirola Lorenzo

PAS: José Enrique Pena Pérez (presidente do Comité de Empresa do PAS laboral).

**Planos de estudos:** 4 PDI (1 ciencias da saúde, 1 humanidades, 1 ciencias experimentais, 1 técnicas), dous estudantes.

Sonia Souto Camba (ciencias da saúde)  
Moisés Canle López (ciencias experimentais)



María Jesús Lorenzo Modia (humanidades)

Alvaro Baaliña Insua(técnicas)

Estudantes: Sonia Rodríguez Beltrán e Gonzalo Faya Filgueira

Lido o informe, acórdase non someter a votación as candidaturas da COAP, quedando proclamadas con carácter provisorio as candidaturas, que pasarán a ser consideradas definitivas unha vez transcorran os prazos previstos no procedemento electoral.

A documentación relativas a este punto figura como **anexo V** da presente acta

## **6. Modificación da composición da Comisión de Estudos Propios de Posgrao e elección dos seus membros**

O Vicerreitor de Títulos, Calidade e Novas Tecnoloxías expón que a recente supresión da figura de director/a da Unidade de Estudos Propios de Posgrao, coa asunción das súas competencias polo adxunto de Títulos dependente da Vicerreitoría de Títulos Calidade e Novas Tecnoloxías, fai necesario a actualización do artigo 18 do regulamento de Estudos Propios de Posgrao.

Por outra parte, tendo en conta as competencias desenvoltas por esta comisión, sería conveniente adaptar a súa composición á das comisión con similares competencias que son de aplicación aos títulos oficiais de grao e mestrado polo que se fai necesario incorporar un representante do estudantado de terceiro ciclo, xa que pode ter una visión mais axeitada por ter superada a súa formación de posgrao, e un representante do PAS.

Deste xeito, o artigo 18.2 do Regulamento de Estudos Propios de Posgrao pasaría a ter a seguinte redacción:

“A CEPP estará integrada por:

Presidente: O/a vicerreitor/a correspondente con competencias en Organización Académica

Secretario/a: o/a responsable da área de Títulos

Vogais:

- un representante dos directores/as dos estudos propios de posgrao.



- cinco profesores, de xeito que estiveren representados os seguintes ámbitos: Ciencias Experimentais, Ciencias da Saúde, Humanidades, Tecnolóxico e Xurídico-Social.
- un estudante.
- un PAS do Servizo de Organización Académica, que actuará con voz e sen voto.

Os seis primeiros vogais serán profesores dos corpos docentes estables da UDC nomeados polo reitor por proposta do Consello de Goberno por un período de catro anos. O estudante será nomeado polo reitor entre os estudantes de terceiro ciclo a proposta dos representantes dos estudantes no Consello de Goberno por un período de dous anos. O PAS será nomeado polo reitor a proposta do Servizo de Organización Académica por un período de catro anos”.

O vicerreitor propón os seguintes nomes para a comisión de estudos de posgrao:

- Matilde García Sánchez, do ámbito de ciencias da saúde.
- José París López, do ámbito tecnolóxico.
- Nancy Vázquez Veiga, do ámbito de humanidades.
- Antonia Señarís Rodríguez, do ámbito de ciencias experimentais.
- Teresa Nozal Cantarero, do ámbito xurídico-social
- Carlos Hugo González Vázquez (estudantes) e Victor Cabrera Sánchez, en representación do PAS.

A proposta apróbase por asentimento e incorpórase como **anexo VI**.

## **7. Oferta xeral de materias de libre elección para o curso 2013-2014**

Vicerreitor de Títulos, Calidade e Novas Tecnoloxías explica que se trata da oferta de materias correspondentes á libre elección dos planos vellos, que están en extinción. É similar á oferta do ano pasado.

Intervén Moisés Canle para sinalar que as materias de Contaminación de Solos, a materia 508144093, así como Introducción á Xenética Forense, se corresponden con planos que se extinguen. Porén, o vicerreitor replica que se trata de propostas de asignaturas feitas desde os propios departamentos, e que poden ofertarse sen problema.

Apróbase por asentimento, e incorpórase ao **anexo VII**.



## **8. Oferta de cursos, seminarios, xornadas e actividades de libre elección para o curso 2013/2014 (2º prazo)**

O vicerreitor de títulos, calidade e novas tecnoloxías expón a oferta que se aproba por asentimento segundo figura no **anexo VIII**.

## **9. Informe-proposta de resolución de recurso de alzada**

O secretario xeral expón que se trata dunha competencia delegada ordinariamente na Comisión de Planos de Estudo (alzadas contra a denegación da comisión de validación de estudos do centro, neste caso, a Escola Técnica Superior de Camiños, Canais e Portos), pero cuxa composición non acada o quorum, por estar pendente de renovación por este mesmo Consello de Goberno. Dada a necesidade de resolver en prazo, tráese avocada a este Consello de Goberno, ao abeiro do artigo 14 da LPAC.

Apróbase por asentimento segundo figura no **anexo IX**.

## **10. Proposta de dous representantes dos estudantes para a Comisión de Prácticas**

No regulamento de prácticas hai dous postos para estudantes.

A vicerreitora transmite a candidatura dos estudantes Sonia Rodríguez Beltrán e Juan Sebastián Pirola Lorenzo, que é aprobada por asentimento do consello de goberno.

## **11. Renovación dos membros da Comisión de Relacións Internacionais**

En substitución da vicerreitora de relacións internacionais e cooperación, ausente en Estados Unidos, o secretario xeral explica que o artigo 5 do Regulamento da Comisión de Relacións Internacionais establece que o mandato é de 2 anos, que se cumpriu para todos os membros. Ademais, houbo eleccións de centro que propiciaron a perda da condición dalgúns dos representantes de centro.

A proposta é a seguinte:

- 5 representantes dos coordinadores de centro (das persoas responsables de RRII):



1. María del Carmen Garcimartín Montero (Facultade de Dereito)
2. Sandra Martínez Bustelo (Facultade de Fisioterapia)
3. Enrique Manuel Blanco Lorenzo (E.T.S. de Arquitectura)
4. Alba Patricia Digón Regueiro (Facultade de Ciencias da Educación)
5. Ramón Pedro Artiaga Díaz (Escola Politécnica Superior)

- 5 membros do estudiantado a proposta deste sector no Consello de Goberno:

1. Miguel Picado Filgueira (E.T.S. de Arquitectura)
2. Xandra Ripoll Vázquez (Facultade de Economía e Empresa)
3. Alba García Fariña (Facultade de Ciencias da Saúde)
4. Alba Castanedo Sánchez (Facultade de Filoloxía)
5. Jorge Rodríguez Longueira (Facultade de Ciencias)

- 1 membro do PAS por proposta do Consello de Goberno.

A Xunta de Persoal acordou na reunión do 14/05/2013 propoñer a Eugenia Vieito Blanco, con destino na Administración da Facultade de Economía e Empresa.

A proposta apróbbase por asentimento.

## **12. Elección de representantes de estudantes na Comisión de Bibliotecas**

O vicerreitor de investigación e transferencia transmite a proposta feita

polos estudantes: Ernesto Vázquez Rey-Farto, Jorge Rodríguez Longueira ,

Luis Miguel Puente Castelo e José Manuel Andiñón Fernández.

Apróbbase por asentimento.

## **13. Modificación do regulamento de contratación de servizos científicos, técnicos, artísticos ou docentes (art. 83 da LOU) do 18 de xullo de 2012**

O vicerreitor de investigación e transferencia informa dos contidos da modificación proposta e da súa motivación. Así mesmo, agradece a



colaboración dos distintos membros da UDC, nomeadamente o Grupo Integrado de Enxeñaría e a Escola Técnica Superior de Arquitectura, que aportaron diversas propostas de mellora, nas que traballaron a Secretaría Xeral, a Vicerreitoría de Profesorado e Planificación Docente e a Vicerreitoría de Investigación e Transferencia.

Apróbase por asentimento segundo figura no **anexo X**.

#### **14. Calendario de admisión e matrícula nos estudos de doutoramento**

O vicerreitor de investigación e transferencia expón a proposta de calendario de admisión e matrícula, que foi informado favorablemente pola comisión de doutoramento.

Intervén o profesor Xurxo Dopico para preguntar se este calendario se lle aplicarían aos programas que teñen solicitado a acreditación na ACSUG e replica o vicerreitor.

Tras a anterior intervención, apróbase por asentimento segundo figura no **anexo XI**.

#### **15. Proposta de autorización de ano sabático para o curso 2013-2014**

O vicerreitor de profesorado comenta a premura de traer esta autorización concreta ao Consello de Goberno, antes das restantes solicitudes, que serán analizadas no consello de goberno do mes de xuño, como é tradicional.

Neste caso, trátase de que o profesor Javier Cudeiro poda comezar a súa estada en EE.UU de conformidade cos prazos que lle propón a universidade de destino.

O vicerreitor tamén aproveita para lembrar os criterios existentes para conceder anos sabáticos.

Autorízase o ano sabático, que figura como **anexo XII** desta acta.

#### **16. Solicitud de autorización para a integración da Universidade da Coruña na Fundación Rendemento Económico Mínimo Sostible e Social (FREMSS)**

O secretario xeral expón a natureza do expediente, que pasará a aprobación definitiva na vindeira sesión do Consello Social, ao abeiro das



competencias previstas para este órgano na Lei 1/2003, de consellos sociais.

Apróbase por asentimento a autorización da integración da Universidade na Fundación Rendemento Económico Mínimo Sostible e Social (FREMSS).

A documentación relativa a esta integración figura como **anexo XIII**.

### **17. Informe sobre o protocolo de colaboración entre a Xunta de Galicia, o Concello de Ferrol e a UDC para a incorporación de distintos edificios públicos ao uso universitario**

A vicerreitora do campus de Ferrol e Responsabilidade Social sinala que o pleno do Concello de Ferrol do 24 de maio aprobou o devandito protocolo, unha vez negociado durante meses polas partes.

O protocolo tráese para información do consello de goberno, de modo que a vicerreitora pasa a expor o seu contido brevemente.

Unha vez rematada a exposición da vicerreitora, Emilio Lage expón as inquiredanzas dos estudantes respecto da insuficiencia desta residencia. Considera que está alonxada dos campus, e que non é a residencia pública de calidade que merece a UDC.

Replica a vicerreitora que considera que pode ser 38-40 prazas públicas, que sempre é mellor que nada. A distancia ao campus de Esteiro non é moita. E lembra que non é a residencia definitiva para o campus de Ferrol: seguiremos a agardar que o concello desbloquee a libre disponibilidad dos edificios do cuartel Sánchez Aguilera.

O profesor Manuel Reyes agradece o espírito de colaboración do equipo de goberno. Considera que é un acordo bon, aínda que sexa unha solución provisoria, e engade que desde o concello seguirán presionando ao Ministerio de Defensa para que se desbloquee o convenio de cesión do cuartel Sánchez Aguilera para acadar unha solución definitiva.

O reitor considera que é un acordo bo, para ir dando os pasos acaídos para ter a residencia definitiva, e agradece a todas as administracións públicas a súa colaboración.

O profesor Pedro Gil parabeniza tamén ás institucións asinantes pola reserva de espazo do Novoa Santos, que é unha aposta estratéxica para a





titulación de enfermaría e podoloxía. Solicita que no futuro, para desenvolver calquera medida, se conte co seu centro. Non se trata só de trasladar o centro, ao seu xuízo, senón de crear un campus da saúde arredor da área sanitaria de Ferrol.

Sonia Souto solicita que se teña en conta nas prazas que se oferten na residencia a existencia de prazas para estudantes con necesidades especiais (accesos a minusválidos, etc.).

A vicerreitora engade que se vai constituír unha comisión mixta de seguimento para desenvolver o protocolo. Respecto das prazas, a vicerreitora di que hai polo menos unha habitación adaptada a persoas con necesidades especiais.

O protocolo de colaboración incorpórase como **anexo XIV**

## **18. Quenda aberta de intervencións**

O reitor intervén para lembrar que no Consello Galego de Universidades do pasado día 16 de maio se informou favorablemente á creación da Escola Internacional de Doutoramento, que terá agora que pasar polo Consello da Xunta para a súa aprobación por Decreto.

Na quenda aberta de intervencións prodúcense as seguintes.

María Luisa Sánchez Simón pregunta ao vicerreitor de profesorado sobre a prórroga do II Convenio Colectivo. Di que non está claro se está denunciado ou non, pero é importante acordar a ultraactividade do convenio colectivo. Outro tema é relativo ás figuras de contratado doutor. Pregúntalle tamén ao xerente sobre os recortes salariais. Para ela, é imposible facelo sen tocar retribucións fixadas polo Estado do PDI funcionario. Solicita que haxa moita prudencia, e que non se produzan discriminacións entre colectivos.

Anxo Calvo pregunta sobre a aplicación do documento da Xunta de Galicia sobre criterios interpretativos do axuste retributivo para o ano 2013. Chegaría con iso para cumprir a Lei de Orzamentos para 2013. Tamén protesta polos termos que utiliza esta instrución, que considera “gasto improdutivo” os gastos de persoal e, en especial, os gastos en persoal das Universidades. Pregunta tamén sobre a instrución de composición das comisións de calidade dos centros: está en vigor?



Nuria Vieira está dacordo coa protesta que fai Anxo Calvo, e pregunta se se está a intentar cumprir a rebaixa do 5% salarial, ou se nos imos quedar no 3%. Respecto do acordo da comisión electoral central respecto da representación do PAS, considera que o PAS queda sen representación nos consellos de departamento, polo que solicita unha modificación do regulamento electoral central. Para rematar, transmite as queixas dos seus compañeiros sobre as tomas de posesión na reasignación de postos derivada da entrada en vigor da RPT.

Gonzalo Faya pregunta varios temas. En primeiro lugar, os problemas que os horarios reducidos dos centros durante o mes de xullo producen nos calendarios dos exames de segunda oportunidade nas titulacións adaptadas. Pide que se amplíe a xornada reducida dos centros mentres se fagan os exames. Respecto do segundo prazo para a presentación dos TFG (setembro), solicita que se busque unha forma para propiciar a continuidade na matrícula para a xente que só ten pendente o TFG. En terceiro lugar, sobre o proceso de aprobación das guías docentes, solicita que se permita o acceso á aplicación informática ás persoas que teñen que aprobar as guías. Sinala a utilización da imaxe corporativa da UDC na reprografía da Zapateira. Solicita o pagamento aprazado da matrícula para os estudantes aos que se lle denega a beca do Ministerio. Por último, comenta que hai no seu centro un profesor con 450 horas no POD.

Xandra Ripoll pon de manifesto que os prazos para solicitar as bolsas de colaboración son moi escasos. Non houbo moita publicidade e a xente está de exames. Solicita máis difusión. Tamén denuncia que un estudante do consello de goberno non pudo asistir porque a profesora non lle cambiou o exame.

Carlos Hugo pregunta sobre a rebaixa salarial do persoal do Capítulo VI.

O profesor Manuel Casteleiro considera que non é xusto que o PAS que traballa para un departamento non estea representado no consello de departamento.

Moisés Canle solicita que se amplíe o primeiro prazo de pagamento de primeira matrícula de 10 a 20 días.

O vicerreitor de profesorado aclara cales son os criterios propostos para consolidar profesorado laboral permanente, pero lembra que no 2013 non saíu ningunha praza de contratado doutor. O que se plantexa é, se agora que sabemos que vai haber impugnacións pola avogacía do Estado, imos seguir



adiante a continuar coa convocatoria. E nese sentido, a Xunta está disposta a autorizar as convocatorias que propoñan as universidades.

O xerente comenta tamén polo miúdo os criterios de aplicación da minoración das retribucións salariais, e as dificultades, sobre todo no ámbito do PDI funcionario. Sobre a aplicación da redución ao persoal do Capítulo VI, di que está claramente recollida na Lei, mesmo con independencia da fonte de financiamento.

Prodúcese un debate sobre este tema.

Tras este debate, na súa quenda de réplica, o secretario xeral solicita a colaboración dos estudantes para detectar incumprimentos por parte do profesorado do seu dereito a asistiren aos órganos colexiados nos que son representantes. Igualmente, lembra os criterios xurídicos manexados para chegar ao acordo da Comisión Electoral Central, solicitando que calquera proposta de modificación do REX se faga chegar por escrito, para a súa correcta valoración.

O vicerreitor de títulos aclara que a instrución de composición das comisións de calidade vaise asinar hoxe mesmo, unha vez informado o consello de goberno. Dá contestación ás preguntas formuladas por Gonzalo Faya.

Tamén intervén a vicerreitora de estudantes, para sinalar a súa opinión sobre os prazos de pagamento. Comenta que o tema do *merchandising* está a ser estudado pola secretaría xeral para a adopción das medidas que procedan.

Tras as anteriores intervencións, o reitor levanta a sesión ás 12:14 horas, do que eu, como secretario, do fe, co visto e praxe do presidente.

Visto e praxe

O secretario xeral

O presidente

Carlos Amoedo Souto

Xosé Luis Armesto Barbeito